



# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

## DECRETO DE ALCALDÍA

### NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA POSTOS DE PEÓN RISGA 19.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

### RESOLVO

**Primeiro.-** Nomear como membros do Tribunal para as probas de selección de dous peóns para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA, para a realización de obras/servizos de interese social, no concello de Castro de Rei, ao abeiro da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 25 de abril de 2019, que tivo entrada nesta entidade local o 25/04/19 con rexistro de entrada nº 1.120, e das Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 207/2019, de 8 de maio, ás seguintes persoas:

#### PRESIDENTE:

-Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora da Agrupación Castro de Rei-Outeiro de Rei para o desempeño das funcións de intervención en ambos concellos.

#### VOGAIS:

-Don Calos Pérez Portas, Técnico medio do Equipo de Inclusión Sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Suplentes: Dona Leticia Fernández Gavino, Técnica media do Equipo de Inclusión Sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Dona María Carmen Cruces Artero, Técnica superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

-Don Alberto Jaime Lugilde Gude, Director da Oficina de Emprego de Lugo-Sur, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Suplente: Dona María Mar Iglesias García, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

-Don Manuel Lamela Ónega, Funcionario do Concello de Castro de Rei.

#### SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

**Segundo.-** Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Terceiro.-** Convocar para o día venres 24 de maio de 2019, ás dez horas e trinta minutos, para a celebración da proba escrita e valoración de méritos das Bases reguladoras de contratación, no concello de Castro de Rei.

**Cuarto.-** Publicar esta resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.